

Amigas e amigos,

Coa nosa gratitude á Concellaría de Cultura do concello da Coruña e mais á Real Academia por nos acoller un ano máis, ao tempo que felicitamos á nova equipa directiva e, en concreto, ao académico e doutor Andrés Torres Queiruga polas súas novas responsabilidades.

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega recibe hoxe a nosa Escritora Galega Universal Lidia Jorge que a AELG nomeou como a escritora que suma a excelencia literaria co compromiso ético, o que a converte para nós en referente na defensa da dignidade dos desposuídos.

Falar da xeración portuguesa que ten como paisaxe humana, social e estética, que ten como referente vital o 25 de abril, non é só falar da Revolución que traía a democracia a Portugal e a autodeterminación a novos países da África lusófona, é tamén falar da nosa xeración, do soño de construír unha Galiza que se organizaba para proseguir o camiño de ser dona do seu destino.

Aquel tempo e a historia que del foi enxendrada posteriormente, é hoxe falar dos mesmos alicerces da obra de Lidia Jorge, é falar tamén da dignidade e da sabedoría, da lúcida tenrura coas que está habitada a biografía persoal e a biografía literaria de Lidia Jorge, a quen lle damos a benvinda como Escritora Galega Universal pois, na realidade, sempre foi unha de Nós, galegas e galegos.

Quizais, se ela me permite, me atrevo a dicir que os galegos nos podemos achegar á súa obra como propia xa que, como ela di nun seu poema: *son de vidro escurecido* para poder *Encubrir a luz que a habita*. Nós podemos entrar á súa palabra transparente, á súa luz de vidro, por estar feitos co mesmo sábreo do idioma galego-portugués.

A nosa escritora segue compasadamente o paso histórico do devir de Portugal. Recolle o que se desvanece e pasa a ser historia e recordo, memoria colectiva. Ela busca no que nace e no que morre na sociedade, nas súas capas máis fondas, para que a sociedade non enmudeza e sexa a súa unha escrita que diga a beleza da verdade, mesmo a que nos manca.

Ela soubo ler a realidade cotiá nunha ditadura que a ocultaba nos territorios da sombra. Froito dese contexto creou *A Costa dos Murmuros*.

Puidemos ollar este filme da man de Margarida Cardoso nas xornadas que celebramos en Pontevedra en 2007, naquelas *Letras na Raia* nas que unha vintena de creadores e creadoras de Galiza e Portugal nos reunimos para falar da relación entre o cine e a literatura para creamos «*unha metáfora da non fronteira, un espazo simbólico que axudara a borrar os límites entre as culturas dos dous países*».

A súa memoria e a súa percepción do real transfigúranse na súa escrita literaria. Participou sempre como parte da historia de a diario, no seu acontecer, no vivir a vida rente á vida, consciente de que a historia dos pobos non a poden parar os massacres dos tanques.

Ela sempre nos leva ao outro lado do espello. Ela, como no poema de Montale, vai en silencio creador acompañando os homes e mulleres que ollan un incerto futuro, ela vai con elas, cos seus segredos mesmo na busca da raíz do falar na tradición oral, e vai denunciando as carencias dunha realidade en transformación, e non esconde a pobreza, a fame, a

degradación do medio urbano ou a extenuación do medio rural. Acompañando as súas protagonistas móstranos realidades e así sabemos dos cambios políticos, da orde social.

A súa escrita tamén é contra a mentira que toda ditadura, nas súas máis diversas formas, enxendra. Lidia Jorge é combatente contra da sombra, creando personaxes que xa existen e andan á procura da súa forma. A nosa escritora sempre representou o que de máis combativo tiveron e teñen as mulleres de cada tempo, ela é referencial para os movementos de emancipación da muller, denunciando coa súa obra a súa ausencia nas grandes decisións; atenta sempre aos efectos da nova forma de colonialismo, este saqueo financeiro ao que están a ser sometidas as clases populares portuguesas coa marxinalización suplementar para as mulleres en concreto. Pois como nos deixou dito José Luis Sampedro, o noso Escritor Galego Universal de 2012, *«O que chaman globalización é o novo nome do imperialismo e do colonialismo onde unha minoría rexe os destinos do resto do mundo»*.

A nosa autora escribe para nos revelar a alma das súas personaxes, do encontro na rúa de persoas reais que son transformadas pola súa escrita literaria en persoas que son humanidade adiviñada. A súa escrita literaria é posuidora dunha poética filla da riquísima tradición portuguesa que alimentan as clases populares cunha tenrura que as veces ten o seu gume afiado, esclarecedor. Fálanos cunha radical humanidade e fálanos da vergonza que sinte *«pelas teias cruéis nas relacións humanas»*; mais tamén cando se achega aos territorios dos sonhos se alimenta da infancia, do mundo que ela nunca deixou de habitar.

Para ela escribir é un acto de gozo: *«Se a escrita me ofrecese sufrimento, eu non escribiría»*, dinos.

Como escritora entrégase aos seus personaxes, explica Lidia Jorge:

«Deixoos viver. Non podoo explicarlos.»

Con eles dános o testemuño do seu tempo, do noso tempo.

* * *

Lembramos hoxe a José Luis Sampedro, Escritor Galego Universal, ser xeneroso dunha grandísima humanidade que ao seus 96 anos de vida intensa xa está no Pórtico da Gloria dos bos e xenerosos, coma Mahmud Darwix, que é como nomeamos os que levan nas maos toda a luz do ser humano.

*Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega
A Coruña, 3 de maio de 2013*